

## SEMINARIO

### “A xestión municipal en tempos de crise: posibilidades de financiamento a nivel europeo”

Luns, 13 de maio 09:00 - 14:00 h.

Pazo de Mariñán

Mariñán 15165 – Bergondo – (A Coruña)

Os concellos afrontan o final do período financeiro 2007-2013 e os retos do novo período caracterizado polo mantemento en Galicia do 60% dos fondos estruturais do período anterior e pola obriga de destinar un 20% de FEDER a eficiencia enerxética e enerxías renovables. No contexto actual de crise económica, os entes locais enfróntanse a grandes retos relacionados coa xestión municipal, dado que a falta de recursos dificulta o investimento en novos proxectos en materia de emprego, eficiencia enerxética ou TIC.

O drama do desemprego tamén supón o reto de optimizar as ferramentas da UE para os nosos mozos, entre os que se atopa o apoio aos emprendedores e a posta en marcha dunha garantía de emprego xuvenil. Ante esta situación, a innovación municipal e a transferencia de tecnoloxía preséntanse como óptimas solucións para aforrar custos e mellorar a calidade de vida dos cidadáns dando pé, ademais, á creación dos chamados empregos verdes.

A Xunta de Galicia e a Fundación Galicia Europa, en colaboración coa Deputación da Coruña e a Federación Galega de Municipios e Provincias, organizan este seminario co obxectivo de identificar socios e posibles proxectos innovadores que dean resposta aos desafíos aos que se confrontan os municipios na actualidade.

Colaboran:

## PROGRAMA

**8:45–9:00 INSCRICIÓN**

**9:00–9:30 APERTURA DA SESIÓN**

Benvida a cargo das autoridades

**SESIÓNS. Modera:** Juan Manuel Revuelta, director da Fundación Finnovaregio

**09:30-10:15 OS MUNICIPIOS E O EMPRENDEMIENTO VERDE A NIVEL LOCAL**

- *Proxecto “Emprendetur” para a eficiencia enerxética e a innovación no turismo.* Antonio López de Ávila, Sociedad Estatal para la Gestión de la Innovación y las Tecnologías Turísticas (SEGITTUR)
- *O caso da empresa IMENER, premio Empreverde 2012.* Rosendo García, IMENER, inversiones y proyectos sostenibles

**10:15-11:00 PROGRAMAS DE SOSTIBILIDADE MEDIOAMBIENTAL: LIFE+ MEDIOAMBIENTE E GOBERNANZA**

- *Programa LIFE+ para o financiamento de proxectos municipais.* Representante da Comisión Europea. DG Medio Ambiente
- *Proxecto piloto de reciclado de residuos electrónicos LIFE HTLW.* Gustavo Espejo, Fundación Intraeco
- *A nova directiva de Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos e o dereito dos concellos a recuperar os custes e gastos de recollida dos residuos electrónicos.* José Ortiz, Fundación ECORAE

**11:00-11:15 Pausa café**

Colaboran:

### **11:15-12:00 PROGRAMA ECOINNOVACIÓN: OS MUNICIPIOS COMO “TECNO-USUARIOS”**

- *O programa CIP-Eco-innovación da UE: avaliación e futuro.* Representante da Comisión Europea (a confirmar)
- *Exemplo de proxecto: a utilización das miniturbinas no sector agrícola, rede de sumidoiros e ríos.* José Ségarra, director de ABITUR, S.L.
- *Exemplo dun proxecto futuro: a bioestabilización na xestión de residuos sólidos urbanos para reducir custes ao 50%.* Francisco Molina, Fundación Azahar

### **12:00-12:45 EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES A NIVEL MUNICIPAL**

- *A biomasa procedente dos residuos agrícolas e forestais como fonte de enerxía e aforro en edificios municipais (proyecto LIFE+ Ecoglauca).* Francisco Molina, Fundación Azahar
- *Un novo modelo de servizos urbanos intelixentes.* Carlos Plasencia, Ferrovial
- *A xestión dos residuos electrónicos como xacemento de emprego: proxectos “Led’s go!” e “My friend Boo”.* José Ortiz, Fundación ECORAEE

### **12:45–14:00 Foro aberto para o intercambio de ideas de proxectos**

Co obxectivo de facilitar a posta en marcha de novos proxectos financiados pola UE de cara a próximas convocatorias, os relatores e os participantes avaliarán de forma conxunta as ideas identificadas nos formularios de inscrición e durante a xornada.

Colaboran: